



# Ponte deume

## BANDO

### INFORMACIÓN SOBRE FOGUEIRAS E LUMES CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO SAN XOÁN E SAN PEDRO NO CONCELLO DE PONTEDEUME.

**D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME, FAGO SABER QUE:**

A Consellería de Medio Rural fai público o día 20/06/2017, a **prohibición de queimas agrícolas e forestais polas condicións meteorolóxicas e o índice de risco de lume**, quedando suspendidos os permisos xa concedidos.

Nese sentido, o último índice de risco diario de incendios forestais publicado pola Consellería de Medio rural da Xunta de Galicia, (Actualizado o xoves, 22 de xuño de 2017 ás 13:34) cualifica a maior parte do termo municipal de Ponte deume en **risco alto de incendios**, en consecuencia ata que o mesmo non varíe e tendo en conta o establecido no artigo 36 da Lei 3/2007 de 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, o réxime xurídico aplicable ás fogueiras de todo tipo, será o seguinte:

**1. Nas zonas agrícolas, forestais e nas de influencia forestal, durante a época de perigo alto, queda prohibido:**

- a) Realizar fogueiras para recreo ou lecer e para a preparación de alimentos, así como utilizar equipamentos de queima e combustión destinados á iluminación ou elaboración de alimentos
- b) Queimar matogueiras cortadas e apilados e calquera tipo de sobrantes de explotación, limpeza de restos ou calquera outro obxecto combustible.

Exceptúase do disposto no apartado a) do número 1 e no número anterior a preparación de alimentos en espazos non incluídos en zonas de alto risco de incendio sempre que fose realizada nas áreas expresamente previstas para o efecto, como son as áreas recreativas e outras cando estean debidamente identificadas e contasen con infraestruturas adecuadas a tal fin.

Asimesmo, e tendo en conta o indicado no artigo 37 do mesmo texto legal quedan prohibidos en todos os terreos forestais e zoas de influencia forestal, os artefactos que leven aparelado o uso do lume, así como a utilización de lumes de arteificio, o lanzamento de globos e outros artefactos pirotécnicos.

En tanto en canto ás condicións de risco de incendios que publica a Consellería de medio rural da Xunta de Galicia e as indicacións da mesma non sexan noutro sentido, e co fin de evitar incendios no noso termo municipal, as fogueiras e lumes estarán suxeitas aos requisitos indicados neste bando, sen perxuízo das restantes indicacións que ao respecto dite a Xunta de Galicia segundo os índices de risco de incendios que se van publicando diariamente.

A Alcaldía agradece a colaboración de todos os veciños/as xa que estas medidas tentan facer convivir a celebración das festas do San Xoan e San Pedro 2017 con evitar o risco de incendios

O que se fai público para o seu coñecemento e debido cumprimento.

Ponte deume, 21 de xuño de 2017.

O Alcalde

D. Bernardo Fernández Piñeiro

